



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:00 horas do día 14/06/2017 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do **recurso de reposición** do expediente de clasificación dos montes denominados “**Redondeliño e Borraxeiros**” da parroquia de Tortoreos, solicitados a favor dos veciños da CMVMC de Tortoreos (As Neves)

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- Con data de entrada no rexistro de 13/04/2012 Fernando Pereira Alonso, en representación dos veciños da CMVMC de Tortoreos, da parroquia de Tortoreos (As Neves) presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación dos montes denominados “Redondeliño e Borraxeiros” da parroquia de Tortoreos (As Neves) como veciñais en man común a favor da CMVMC de Tortoreos acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

En sesión que tivo lugar o 01/04/2013 o Xurado acordou a incoación do expediente de clasificación

SEGUNDO- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de Montes, os monte obxecto do presente expediente obedecen a seguinte descrición:

Concello: As Neves

Parroquia: Tortoreos

Nome do monte: Redondeliño

Polígono 13 -parcelas 369,372 e 373.

Cabida: 1.878 m² (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Xosé Antonio Rodríguez

Sur: Xosé Antonio Gil Moreira

Leste: estrada asfaltada (PO-4203).

Oeste: pista asfaltada

Nome do monte : Borraxeiros

Polígono 13 -parcela 364

Cabida: 1.504 m² (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Saturnino Rodríguez Álvarez

Sur: Alsira Díaz Rodríguez

Leste: estrada asfaltada (PO- 4203)

Oeste: estrada asfaltada

TERCEIRO- Tramitado o expediente de conformidade cos preceptos legais e regulamentarios aplicables, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man común de Pontevedra, en reunión que tivo lugar en data 08/02/2016, acordou non clasificar os montes Redondeliño e Borraxeiros por entender que non reúnen os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989, de montes veciñais en man común.

CUARTO- Contra a referida resolución en data 23/03/2016, Manuel González Iglesias, en calidade de presidente da CMVMC de Tortoreos, presenta recurso de reposición alegando o considerou conveniente en defensa dos seus intereses nas que, en síntese, insta se clasifiquen os montes Redondeliño e Borraxeiros por entender que queda suficientemente acreditado o aproveitamento comunal de ambas parcelas polos veciños da comunidade de Tortoreos.

QUINTO- En data do 13/05/2016 María Digna Ignacio Novoa e Pilar Otero Rodríguez formulan oposición as alegacións realizadas polo promotor da clasificación en relación a parcela Redondeliño, manifestando, en resumo, que o uso e aproveitamento da parcela ten carácter privativo e non comunal. Achegan xunto coas alegacións diversa documentación aos efectos de acreditar a propiedade



e , de xeito especial, o aproveitamento da cita parcela (memorial de bens expedido no 1866, xustificante de inscrición catastral, resolución do Presidente da Deputación de Pontevedra pola que se aproba o pago das expropiacións de parte das citadas parcelas, con motivo da construción da estrada PO-4203 Tortoreos- Estación, copias dos certificados de aceptación das expropiación , firmados polo reclamantes no ano 2000, fotocopia do catastro histórico de 1957....)

Dado traslado á comunidade promotora das alegacións formuladas por María Digna Ignacio e Pilar Otero, a comunidade oponse as súas pretensións, manifestando, en síntese, que (...) *las parcelas catastrales a las que hace referencia la contraparte tienen y han tenido siempre un destino de monte, manteniéndose desde siempre su aprovechamiento vecinal, si bien en tiempos totalmente recientes, algunos vecinos han podido efectuar un uso mas intenso que los restantes, pero sin desnaturalizar con ello el uso forestal de la parcela , y lo que es más importante, sin privar ni excluir el uso por el resto del colectivo vecinal (...)* “

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra é o órgano competente para resolver os recursos de reposición contra as súas resolucións en virtude do establecido no artigo 12 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Segundo.- Procede admitir a trámite os recursos de reposición interpostos por cumprir cos requisitos esixidos polo artigo 124 da precitada Lei.

Terceiro.- A vista das alegacións realizadas pola comunidade e da documentación que consta no expediente procede estimar as alegacións respecto da parcela Borraxeiros por canto queda acreditado o aproveitamento e uso comunal da parcela polos veciños (informe técnico, declaracións xuradas, a inclusión no Plan de ordenación Forestal do monte do ano 2004 ...) e desestimar as pretensións de clasificación respecto da parcela Redondeliño por canto en vía administrativa o carácter de comunal do monte desaparece daquelas superficies que foron ou están sendo destinadas a un uso exclusivamente privado ou particular tal e como pode colixirse das alegacións realizadas e da documentación presentada de adverso, que mesmo a comunidade reconece como certos, así como do informe preceptivo do servizo de montes.

En consecuencia, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, e de acordo coa a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado

por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación **O XURADO** por unanimidade **ACORDA: CLASIFICAR** como monte veciñal en man común a parcela "**Borraxeiros**", a favor da CMVMC de Tortoreos (As Neves) por considerar que se dan os requisitos esixidos legalmente para a clasificación solicitada de acordo cos lindes e cabida reflectidos no Antecedente de Feito Segundo e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución e, desestimar as alegacións formuladas pola comunidade no que a parcela Redondeliño se refire ao non concorrer os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 c) e 123-2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Handwritten signatures in blue ink, including a large stylized signature on the left and several smaller ones on the right, all appearing to be official approvals.

X=546.964,02 Y=4.659.782,46

X=547.754,03 Y=4.659.782,46

Redondelo

Cabida e lindeiros segundo resolución:

1.504 m²

Norte: Saturnino Rodríguez Álvarez

Sur: Alsira Díaz Rodríguez

Leste: Estrada Asfaltada (PO-4203)

Oeste: Estrada Asfaltada

Clasificación da parcela BORRAXEIOS
segundo resolución do recurso de Reposición

Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de TORTOREOS
Concello de As Neves



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Plano 1 de 1

Xuño - 2017

Clasificación da parcela BORRAXEIOS

Escala: 1:2.000

